

Blancacheloneves e as 7 notas



CONCERTO DIDÁCTICO
ABRIL 2026

INTRODUCCIÓN

Esta guía didáctica preséntase para compartir información co profesorado de educación primaria tanto sobre o Concerto Didáctico como sobre o CMUS Profesional de Música da Coruña.

O CONSERVATORIO



O CMUS Profesional de Música da Coruña é un centro público no que se imparten ensinanzas elementais e profesionais de música. Actualmente, conta con 670 alumnos e alumnas nas diferentes especialidades instrumentais. O centro está situado na Praza do Conservatorio S/N, no barrio de Cidade Escolar, na cidade da Coruña.

O concerto levarase a cabo no Auditorio.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DO CONCERTO

- Coñecer os distintos instrumentos que se poden estudar no conservatorio.
- escoitar e diferenciar a sonoridade dos distintos instrumentos e agrupacións musicais.
- Acostumarse a escoitar con atención durante un espectáculo.
- Mostrar interese e respecto polas actividades musicais.

O CONTO

O fio condutor do Concerto Didáctico é un conto creado para a ocasión pola profesora de viola do CMUS Arantxa Vera.

A protagonista é Cheli, unha princesa violonchelo egoísta e caprichosa que non axuda a ninguén. Un día, unha bruxa (en realidade boa) dálle unha mazá máxica que a fai bailar ata quedar durmida, como castigo para que aprenda a ser mellor persoa.

O seu amigo, o príncipe Fagot, intenta espertala, pero a bruxa explícalle que só o conseguirá se aprende todas as emocións seguindo un "mapa", que en realidade é unha partitura musical.

Fagot e o seu amigo Frautín comezan unha viaxe na que, coa axuda de distintos instrumentos, descubren as emocións.

Cada emoción convértese nunha nota musical, e xuntas forman a canción do despertar.

O conto ensina que para ser mellor persoa hai que sentir, comprender e expresar as emocións, e que a música pode axudarnos a facelo.

OS INTÉRPRETES

Este concerto estará interpretado por as agrupacións de Grao Elemental do CMUS da Coruña: Attacca Junior (conxunto de percusión), a Orquestra e a Banda Infantil.

Os instrumentos que se escoitarán serán: percusión, violín, viola, violonchelo, contrabaixo, frauta, óboe, clarinete, fagot, saxofón, trompeta, trompa, trombón e tuba.

Para coñecer estes e o resto de instrumentos que se poden estudar no CMUS podedes consultar a seguinte lista de reprodución na nosa canle de Youtube.

Pulsa sobre a icona de Youtube para acceder a unha lista de reprodución cos vídeos de presentación dos diferentes instrumentos do CMUS



A CANCIÓN DO ESPERTAR

Ao longo do conto aparecerá en varias ocasións a canción do despertar. Podedes aprendela previamente na clase para cantala con forza no concerto:



Pulsa sobre a icona de Youtube para acceder a unha base instrumental para practicar a canción do despertar



ACCEDER AO CMUS

Se despois de asistir ao concerto e coñecer os disintos instrumentos, os nenos e nenas están interesados en acceder ás ensinanzas elementais de música, deben ter en conta a seguinte información:

- Deben cumprir entre 8 e 14 anos no ano da proba.
- Deberán superar unha proba de imitación de patróns rítmicos, de entoación e psicomotrices. Poden ver un exemplo de como son estas probas no seguinte vídeo: [Exemplo probas de acceso](#)

Cómpre destacar que o CMUS Profesional da Coruña conta cun proxecto de innovación educativa que facilita que o alumnado con discapacidade o acceso ás ensinanzas elementais.

Para máis información é recomendable consultar a web do centro:

<http://www.cmusprofesionalcoruna.es/>.

Esperamos que este concerto sirva para acercar a música que facemos no CMUS Profesional aos nenos e nenas da Coruña e que descubran todas as posibilidades que esta ten.

